

Frontera España-Portugal: documentación lingüística y bibliográfica -
<http://www.frontespo.org>
Localidad: Santiago (Rubiás dos Mixtos, Calvos de Randín). Ourense
Identificador de la grabación: ESOU08008-003
Fecha de la entrevista: 15/2/2016
Entrevistadores: David Rodríguez Lorenzo, Fernando Brissos
Informantes: Francisco Rodríguez, Dolores González
Versión de la transcripción: 1
Revisada: No

Licencia de uso CC BY-SA 4.0

Inf. 2 (DG)	Pan.
Inf. 1 (FR)	Ese é o pan, si.
Entrev. 1 (DRL)	Aproveitábanlle a, a...
Inf. 1 (FR)	A piel.
Entrev. 1 (DRL)	[Emisión] Non, o, o... o que bota, que é o pe- como o pelo dela, a...
Inf. 1 (FR)	A la, a la, si.
Inf. 2 (DG)	A la, a la.
Entrev. 1 (DRL)	Si.
Entrev. 1 (DRL)	E, e para quitarlla, como lle chaman a iso?
Inf. 1 (FR)	Iso é trasquilar.
Inf. 2 (DG)	Antes, cunha tixeira, antes, cunha tixeira íbamoslla sacando, agora non, porque xa veñen... coas máquinas e eso, pero antes nós, cunha tixeira, [Asent] rapábanse coa tixeira.
Entrev. 1 (DRL)	[Asent]
Inf. 1 (FR)	Con trasquilando como [Riso], como se rapaban as personas, veña corta, corta, corta.
Entrev. 1 (DRL)	[Riso]
Entrev. 1 (DRL)	Era rapar, entón.
Inf. 2 (DG)	Rapar, rapar.
Inf. 1 (FR)	Si, rapar.
Inf. 1 (FR)	Ía e, claro, a la utilizábase... para facer

calcetís...

Entrev. 1 (DRL) [Asent]

Inf. 2 (DG) Claro, antes.

Entrev. 1 (DRL) Ese tamén era, imaxino tamén, traballo das mulleres máis que...

Inf. 2 (DG) Todo, como antes o liño, lle dicíamos, [xxx].

Entrev. 1 (DRL) E como, como, como era iso, entón?

Entrev. 1 (DRL) É dicir, rapábase a ovella, e despois?

Inf. 2 (DG) Si, rapábase a ovella, lavábase a la, despois dicíamos escarmear, así o... o desfaela, non sabes?

Entrev. 1 (DRL) Ah, si, [xxx] que, que ten unhos cousos así de pinchos e van pasando...

Inf. 2 (DG) Escarmearlle [TranscrDubidosa].

Inf. 1 (FR) Non, ese é | ese, ese é para o liño.

Inf. 2 (DG) Non, ese era para o liño, ese era para o liño, ese era para o liño, pero |

Entrev. 1 (DRL) Ah, entón, entón como era coa la?

Inf. 1 (FR) Explica, explícalle.

Inf. 2 (DG) Pero a la, a la, non, a la... lavabamos a la, sacabámola e despois chamabámoslle escarmeala, e despois de escarmeala puñámola nunha roca, lle dicíamos, e despois fiabamos cun fuso, e despois de aí pois faiamos [x]ersés e calcetís... bueno.

Inf. 1 (FR) E, e fiaban.

Inf. 1 (FR) Pero ben feitos, eh.

Inf. 2 (DG) Si, bueno, pero eso non ten que ver, que sean ben feitos.

Entrev. 1 (DRL) É dicir, facían un, un | con aquela roca |

Inf. 1 (FR) Un cordón.

Entrev. 1 (DRL) [Asent]

Inf. 2 (DG) Claro.

Entrev. 1 (DRL) Un fio de, un fío de la, un |

Inf. 1 (FR) Un fío de la.

Inf. 2 (DG) Exactamente, púñamolo na roca... eso, escarmeado na roca, despois, cun fuso, faiamos o fío para poder... obralo para, para, para calcetalo.

Entrev. 1 (DRL) Ah, despois era a calceta, non e-, non era de |

Inf. 2 (DG) Calceta.

Inf. 2 (DG) Non, non, calcetábamos nós con agullas, con agullas, que xa tiñamos...

Entrev. 1 (DRL) [Asent]

Entrev. 1 (DRL) E o liño, entón, era xa | ?

Inf. 2 (DG) O liño... xa era máis distinto.

Inf. 1 (FR) Distinto.

Entrev. 1 (DRL) E tamén había.

Inf. 2 (DG) Si, si, moito, incluso... a | nós xa acordamos non moito, pero antes as sábanas da cama eran de liño.

Inf. 1 (FR) Había liño, había moito.

Entrev. 1 (DRL) [Asent]

Inf. 2 (DG) Aínda lle faían aos homes con | camisas e cousas así e para os rapaces, do liño, do liño.

Entrev. 1 (DRL) E como era, como era o, o, o do liño?

Inf. 1 (FR) [xxx]

Inf. 2 (DG) O do liño, poir mira, sem-, semetábase, claro, a semente normal, nunha terra, e despois cuando... xa vías que estaba, pois ibas e, e arrancabas... e despois aín- | había que pasalo... na casa, por un, por un ripo, lle dicían, para lle sacar a semente.

Inf. 1 (FR) [xxx] un, un pao así, entonces pasábasllo así, así | ah, non? |, era o | llama- | chamábanlle un ripo, e, era como unha cousa así... entón metían por eiquí, entón caían a semente [Sic] para alá e quedaban os paos limpios, porque botaban como unha |

Inf. 2 (DG) Il ao mellor sa- | iles sabes o que é un ripo ao mellor.

Entrev. 1 (DRL) Non, non sei, non, non, non.

Inf. 2 (DG) Non?

Inf. 2 (DG) Tiña como uns dentes para sacar a... a semente do liño.

Inf. 2 (DG) Si.

Inf. 2 (DG) Do liño.

Inf. 2 (DG) Que eran así como unhas herbas, e-, eran como unhas herbas, o liño era unhas herbas, pero despois tiñas que... agarrar... e cunhas cordas que había, bueno, e atábalas, e despois había que metelas ao río, onde houbera agua, non sabes?

Inf. 1 (FR) Si.

Inf. 1 (FR) Pois eso despois de estar atado, había que metelo no río, poñerlle unhas pedras para que estuvera ben cuberto con agua.

Inf. 2 (DG) Eso |

Inf. 2 (DG) Si.

Inf. 2 (DG) Pero baixo da agua -non sabes?-, nun río de, de | nese río mesmo que ibamos moito, metíalo aí no río e por riba cunhas pedras para que non se | non sei cuanto | non me acordo cuantos días era, era s- |

Inf. 1 (FR) Vinte días tiña que estar.

Inf. 2 (DG) Non sei cuanto, non me acordo dos días, non sei, pero despois había que... secalo nos campos que había a pé do río, sacábase ese... chamábase feixes, cuando botabas chamábase feixes, despois sacalo e estendíalo todo ao campo... que secara.

Inf. 1 (FR) Quinc-, quince ou vinte días.

Entrev. 1 (DRL) [Asent]

Entrev. 1 (DRL) É dicir, dexábase a remollo e despois secábase.

Inf. 2 (DG) Eso, eso, eso.

Inf. 1 (FR) Exacto.

Inf. 2 (DG) E despois, entón, había que... |

Inf. 1 (FR) Tu vai pensando ben cuantas voltas lle hai que lle dar [Sic]... dis-, dis- [TranscrDubidosa] | que che siga contando.

Inf. 2 (DG) Ui, o li-, o liño daba moito, daba moito traballo.

Inf. 2 (DG) Despois a- | sacáballo de aí, cando o levabas había que mazalo cun pao, cunha maza, chamá- | si | chamábanlle unha maza, unha maza

así... e dábaslle así a, a trozos, [xxx] máis pequenos, pero... dábaslle.

Entrev. 1 (DRL) Despois de seco, non?

Inf. 1 (FR) Unha maza, bom, bom, bom.

Inf. 1 (FR) Pero había que bater duro nil, eh.

Inf. 2 (DG) Si, si, si.

Inf. 2 (DG) E despois [Emisión] había que deluvalo, lle dicían.

Entrev. 1 (DRL) Como é?

Inf. 2 (DG) Deluvar.

Entrev. 1 (DRL) Deluvar.

Inf. 2 (DG) Sabes, deluvar?

Inf. 1 (FR) Faerlle así, así deluvalo ben, para que lle caíra o máis gordo.

Inf. 2 (DG) Si.

Entrev. 1 (DRL) É que, que | ai | coller aqueles feixes e...

Inf. 2 (DG) O máis gordo, porque se non...

Inf. 2 (DG) Non, mano[x]os, xa non | do feixe, si, pero despois collí- | para faer iso tiña que coller mano[x]os pequenos -sabe?- non podías faer nos feixes eso... mano[x]os pequenos, entonces... deluvábalo.

Entrev. 1 (DRL) Ah, vale.

Inf. 2 (DG) E despois había que espadalo... [Riso] e había que queimalo con sal [TranscrDubidosa].

Entrev. 1 (DRL) [Asent]

Inf. 1 (FR) Espadalo, era unha espada así, entonces, nun chisme con | nunha tabla así, poñíalo por eiquí e despois as mulleres facíanlle así, así, así, hasta que o deixaban fino, que aquilo víase lisiño e finiño, que era imposible como est- | como era e como est- | como quedaba, non?

Inf. 2 (DG) Si.

Inf. 2 (DG) De madeira.

Inf. 1 (FR) Cuando estaba así, entonces xa estaba preparado para o proceso para poder...

Inf. 2 (DG) Si, dicíamos, a roca t- | como a la, a roca e despois

cun fusos e faer o fío para... para poder obralo.

- Inf. 1 (FR) Fino, cuanto máis ben o batían e máis ben o preparaban, máis fino, máis fino salía o fío.
- Inf. 2 (DG) Máis fino salía o fío... máis fino.
- Inf. 2 (DG) Despois había un fío máis gordo e outro máis delgado... dáte conta.
- Inf. 1 (FR) Quanto, quanto traballo eso, eh.
- Entrev. 1 (DRL) É que estou... | e, e aínda, aínda... faltaba tecer.
- Inf. 2 (DG) Claro, despois... | si, pero despois [xxx] que, cuando iba para tecer, xa iba o fío preparado, despois iban con unhas |
- Entrev. 1 (DRL) Claro, porque eso é solo para facer o fío.
- Inf. 1 (FR) É que des- | eso solo era para facer o fío... pero é que despois aínda había que tecer, nun tear, entón pasaban cun pao un fío así e despois outra vez así.
- Entrev. 1 (DRL) [Riso]
- Inf. 2 (DG) [Asent]
- Inf. 2 (DG) Bueno, bueno, para tecelo, para...
- Entrev. 1 (DRL) E dáballle a aqueles cousos...
- Inf. 2 (DG) Aquellos cousos que faían así.
- Inf. 1 (FR) Eso.
- Entrev. 1 (DRL) Hai un veciño aí en Turei que aínda ten un, si, o Señor José Ponteira.
- Inf. 1 (FR) Un tear?
- Inf. 2 (DG) Anda, pois mira que...
- Entrev. 2 (FB) E aínda utiliza.
- Inf. 2 (DG) Aínda utiliza?
- Entrev. 2 (FB) [Emisión] A muller dele aínda sim, aínda utiliza.
- Entrev. 1 (DRL) A muller, a muller del, si, aínda utiliza.
- Inf. 1 (FR) Aínda utiliza?
- Entrev. 2 (FB) Sim, [xxx].

Inf. 1 (FR) Pois por eiquí xa non e- | xa non, xa non queda.

Entrev. 1 (DRL) Eu supoño que é un pouco para, para [xxx] e tal, entretida e... para |

Inf. 1 (FR) Si, máis, máis ben para... | cousas históricas que teñamos de recuerdo, pero...

Inf. 2 (DG) Si...

Inf. 2 (DG) Si, bueno, home, bueno, bueno, si.

Entrev. 1 (DRL) Si, si, porque, porque lle gusta e tal e aínda mantén aquela cousa, pero, pero aínda está en, en funcionamento, é dicir, que, que estaba, estaba facento unha peza e... estaba, estaba facedo alí un | como un mantel ou algo.

Inf. 1 (FR) Si, si.

Inf. 2 (DG) Si, si.

Inf. 2 (DG) Si, si, si, pero hai xente que o conserva eso.

Inf. 2 (DG) [Asent]

Inf. 1 (FR) Si, si, si.

Inf. 1 (FR) Pois mira o proceso iste todo que lle hai que facer ao liño, eh.

Inf. 2 (DG) Si.

Inf. 2 (DG) Bueno, ela agora xa o... | o liño ela xa non seguramente non o, non o obra, non o hai, ela fai o tear, pero con outras [sic] fíos comprados.

Entrev. 1 (DRL) Moito traballiño.

Inf. 1 (FR) Eh!

Entrev. 1 (DRL) [xxx]

Entrev. 1 (DRL) Ah, pois non s- | claro, claro, claro... claro.

Inf. 2 (DG) Claro, non penses que agora no fío | non, o liño non, non, non creo que haxa aí xa.

Inf. 1 (FR) Porque... eso todo non creo xa que o faga, eh [Emisión] dá moito traballo... | [xxx].

Entrev. 1 (DRL) Claro, claro.

Entrev. 1 (DRL) [xxx] e víase que [xxx], pero claro.

Inf. 2 (DG) Exactamente, pero despois compraba o fío, compraba os ovillos do fío, e entonces ela trabállao, fai o que quere, e como sabía tecer, pois faino, faino.

Entrev. 2 (FB) Sim.

Entrev. 1 (DRL) E fai, claro, claro, claro.

Entrev. 1 (DRL) Aínda fai.

Entrev. 1 (DRL) Claro, claro, porque pasar todo o traballo do liño...

Inf. 1 (FR) Boh..., eso cuidado, eh.

Inf. 2 (DG) O liño dá moito traballo, a xente quedou descansada cuando se terminou do liño, que despois, despois dicíamos así ou dicían os meus pais "non, é mellor botar as patatas no sitio do liño e co diñeiro das patatas compramos a peza da roupa", as sábanas ou o que fora, e despois foi así.

Entrev. 1 (DRL) [Asent] Xa compensaba máis.

Inf. 2 (DG) Exacto, despois xa se foi terminando.

Entrev. 1 (DRL) Cando se foi terminando, entón, esa, esa... ?

Inf. 2 (DG) Ai, xa hai, xa hai.

Inf. 1 (FR) Oh, xa hai moitos anos, eh, eso... [Emisión]

Inf. 2 (DG) Xa hai.

Inf. 1 (FR) Eso xa hai... | e de sesenta tamén, pódesele poñer case sesenta e cinco anos ben.

Inf. 2 (DG) Máis de cincuenta anos.

Inf. 2 (DG) Tamén, si, si.

Entrev. 1 (DRL) Entón xa hai tempo, xa hai tempo.

Inf. 1 (FR) Xa hai moito tempo.

Entrev. 1 (DRL) E, e... e era costume ir comprar as teas e as sábanas e esas cousas aí a Portugal?

Inf. 1 (FR) A Portugal? Si, si, si.

Inf. 2 (DG) Si, moito, moitas veces.

Inf. 1 (FR) Tiñan moitas |

Entrev. 1 (DRL)	Era sempre un pouco máis barato alí esas cousas.
Inf. 1 (FR)	Si.
Inf. 2 (DG) iban alí, iban alí.	Claro, había cousas que eran máis baratas, entonces
Entrev. 1 (DRL)	[Asent]